



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BERGONDO

Secretaría

Convocatoria pública do programa de préstamo de libros de texto no Concello de Bergondo. Curso 2025-2026

EDICTO

A Xunta de Goberno Local do Concello de Bergondo (A Coruña), en sesión ordinaria do xoves 22 de maio de 2025, e a proposta de Alcaldía, aprobou as bases da CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE PRÉSTAMO DE LIBROS DE TEXTO NO CONCELLO DE BERGONDO, CURSO 2025-2026, así como o modelo de presentación de solicitudes, que estará dispoñible na páxina web bergondo.gal e nas oficinas municipais.

“CONVOCATORIA PÚBLICA DO PROGRAMA DE PRÉSTAMO DE LIBROS DE TEXTO NO CONCELLO DE BERGONDO. CURSO 2025-2026.

1.- OBXECTO

É obxecto da presente convocatoria regular o programa de préstamo de libros de texto do Concello de Bergondo para o curso escolar 2025-2026.

2.- FINALIDADE

A finalidade deste programa é colaborar coas familias do municipio no esforzo económico que o comezo do curso ocasiona. **Neste sentido, o concello complementará os libros que non deixe en préstamo a Xunta.**

Polo tanto, aqueles solicitantes que non realicen a solicitude do fondo solidario de libros de texto da Xunta de Galicia, quedarán excluídos deste programa.

3.- CRITERIOS

- Será de aplicación nos seguintes cursos:
 - o 3º,4º,5º e 6º de primaria.
 - o 1º ,2º, 3º e 4º de secundaria.
- O/s libro/s serán propiedade do concello de forma que, ao remate do curso escolar deberán **entregarse dentro dos prazos sinalados** para que poidan ser empregados por outros alumnos no vindeiro curso. Tanto os prazos como o lugar de recollida serán publicados na web e redes sociais do concello.
- **Deberán entregar os libros en perfectas condicións e no caso contrario haberá que repoñelos.**
- Deberán facer entrega dos libros nos prazos sinalados todo o alumnado.
- **A falta de devolución dos libros de texto de préstamo será causa de exclusión da participación neste programa.**

4.- BENEFICIARIOS

Poderán acollerse os/as estudantes que cursen os estudos no CPI Cruz de Sar que, no momento da solicitude, estean empadroados/as no Concello de Bergondo e teñan a intención de continuar estando ao longo do curso.

Quedará **excluído**:

- As novas incorporacións de alumnado que se produzan con posterioridade aos prazos de solicitude, salvo no caso de existencia de crédito na partida orzamentaria ou da existencia de libros de préstamo dispoñibles.
- O alumnado que reciba en préstamo a través do Fondo solidario da Xunta de Galicia a totalidade dos libros para o curso 2025-2026.
- **O alumnado que non realice a solicitude do Fondo solidario da Xunta de Galicia.**

Para elo o solicitante autoriza ao concello a realizar a consulta deses datos co CPI Cruz do Sar.

Estas axudas son compatibles con calquera outra axuda para a mesma finalidade doutras entidades públicas ou privadas.

5.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Os prazos para presentar solicitudes empezarán a contar dende o día seguinte á publicación das presentes bases no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña* e ata o 27 de xuño.

6.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

As solicitudes presentaranse por **unha** das seguintes vías:

1º) Preferiblemente, cubrindo o formulario que estará dispoñible na páxina web do concello (bergondo.gal)

2º) Ou entregando o modelo de solicitude (dispoñible na web do concello bergondo.gal) a través da Sede electrónica municipal ou, opcionalmente no rexistro xeral do concello de Bergondo a través de cita previa, que se poderá solicitar:

- Preferiblemente cubrindo o formulario de atención presencial con cita previa na páxina web (<https://sede.bergondo.gal/opencms/gl/cita/index.html>)
- No número 981 791 252 (ext.2)

7.- CAUSAS DE EXCLUSIÓN DO PROGRAMA

- Non realizar a entrega dos libros de préstamo do concello que se teñan de cursos anteriores.
- Non repoñer os libros de préstamo no caso de que o concello así o requira por entregar os libros en mal estado ou debido á perda do/s mesmo/s.
- Non solicitar a solicitude do fondo solidario da Xunta de Galicia.

8.- PROCEDIMENTO DE CONCESIÓNS

As solicitudes serán resoltas mediante o órgano competente e publicadas na páxina web do concello (bergondo.gal) e no taboleiro de editos da sede electrónica, de conformidade co artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Publicarase unha listaxe provisional a fin de que as persoas interesadas poidan reclamar nos dous (2) días seguintes ao da súa publicación. Finalmente, publicarase a listaxe definitiva incluíndo, de ser o caso, as solicitudes indebidamente excluídas.

1.- OBJETO

Es objeto de la presente convocatoria regular el programa de préstamo de libros de texto del Ayuntamiento de Bergondo para el curso escolar 2025-2026.

2.- FINALIDAD

La finalidad de este programa es colaborar con las familias del municipio en el esfuerzo económico que el comienzo del curso ocasiona. **En este sentido, el ayuntamiento complementará los libros que no deje en préstamo la Xunta.**

Por lo tanto, aquellos solicitantes que no realicen la solicitud del fondo solidario de libros de texto de la Xunta de Galicia, quedarán excluidos de este programa.

3.- CRITERIOS

- Será de aplicación en los siguientes cursos:
 - *3º, 4º, 5º y 6º de primaria.
 - *1º, 2º, 3º y 4º de secundaria.
- El/s libro/s serán propiedad del ayuntamiento de forma que, al final del curso escolar deberán **entregarse dentro de los plazos señalados** para que puedan ser empleados por otros/as alumnos/as en el próximo curso. Tanto los plazos como el lugar de recogida serán publicados en la web y redes sociales del ayuntamiento.
- **Deberán entregar los libros en perfectas condiciones y en el caso contrario habrá que reponerlos.**
- Deberán hacer entrega de los libros en los plazos señalados todo el alumnado.
- La falta de devolución de los libros de texto de préstamo será causa de exclusión de la participación en este programa.

4.- BENEFICIARIOS

Podrán acogerse los/as estudiantes que cursen los estudios en el C.PI Cruz de Sar que, en el momento de la solicitud, estén empadronados/as en el Ayuntamiento de Bergondo y tengan la intención de continuar estando a lo largo del curso.

Quedará **excluido**:

- Las nuevas incorporaciones de alumnado que se produzcan con posterioridad a los plazos de solicitud, salvo en el caso de existencia de crédito en la partida presupuestaria o de la existencia de libros de préstamo disponibles.
- El alumnado que reciba en préstamo a través del Fondo solidario de la Xunta de Galicia la totalidad de los libros para el curso 2023-2024.
- **El alumnado que no realice la solicitud del Fondo solidario de la Xunta de Galicia.**

Para ello el solicitante autoriza al ayuntamiento a realizar la consulta de datos con el CPI Cruz del Sar.

Estas ayudas son compatibles con cualquier otra ayuda para la misma finalidad de otras entidades públicas o privadas.

5.- PLAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Los plazos para presentar solicitudes empezarán a contar desde el día siguiente a la publicación de las presentes bases en el Boletín oficial de la provincia de A Coruña y hasta el 30 de junio.

6.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

Las solicitudes se presentarán por **una** de las siguientes vías:

- 1º) Preferiblemente, cubriendo el formulario que estará disponible en la página web del ayuntamiento (bergondo.gal)
- 2º) O entregando el modelo de solicitud (disponible en la web del ayuntamiento bergondo.gal) a través de la Sede electrónica municipal o, opcionalmente en el registro general del ayuntamiento de Bergondo a través de cita previa, que se podrá solicitar:
 - Preferiblemente cubriendo el formulario de atención presencial con cita previa en la página web (<https://sede.bergondo.gal/opencms/gl/cita/index.html>)
 - En el número 981 791 252 (ext.2)

7.- CAUSAS DE EXCLUSIÓN DO PROGRAMA

- No realizar la entrega de los libros de préstamo del ayuntamiento que se tengan de cursos anteriores.

- No reponer los libros de préstamo en caso de que el ayuntamiento así lo requiera por entregar los libros en mal estado o debido a la pérdida del/s mismo/s.
- No solicitar la solicitud del fondo solidario de la Xunta de Galicia.

8.- PROCEDIMIENTO DE CONCESIÓN

Las solicitudes serán resueltas mediante el órgano competente y publicadas en la página web del ayuntamiento (bergondo.gal) y en el tablero de editos de la sede electrónica, de conformidad con el artículo 45 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre .

Se publicará un listado provisional a fin de que las personas interesadas puedan reclamar en los dos (2) días siguientes al de su publicación. Finalmente, se publicará el listado definitivo incluyendo, de ser el caso, las solicitudes indebidamente excluidas.

Bergondo, 23 de maio de 2025

A alcaldesa. Alejandra Pérez Máquez

2025/3340